

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATRO DE MAIO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día catro de maio de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e sete de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 550/10 de don Manuel Álvarez Pereiras

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 80 m² en planta, consistente no cambio da cuberta colocando uralita e tella, situado en A Lagoa, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta euros con noventa e un céntimos (#60,91#)

2.2.- Instancia num. 513/10 de don José Tato Bermúdez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente na sibtitución da tella, situada en Silvaescura nº 7, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e cinco euros con trinta e seis céntimos (#55,36#)

2.3.- Instancia num. 530/10 de don Odón C. Cobas García

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a acometida á rede municipal de sumidoiros da súa vivenda, situada en Galegos


A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, e coa abstención da Presidencia por ser parte interesada, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: solicitarase autorización a Aquagest, empresa concesionaria do servizo, que porá as condicións de conexión tendo o promotor a obriga de axustarse a elas; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que se atopaba.

Esta licenza non surtirá consceuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con tres céntimos (#18,03#)

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. única da obra de *Ampliación da rede abastecemento en Ponte Ulla (expediente 3105)*

Dáse conta da certificación num. única da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla (expediente 3105)*, financiada con recursos procedentes do *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010*, adxudicada á empresa Construcciones Boqueixón, S.L na Xunta de Goberno de data



17/02/2010, por importe de corenta e catro mil seiscientos corenta e un euros con noventa e cinco céntimos (#44.641,95#), sendo o director da obra o arquitecto don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. 128/10 da empresa adxudicataria polos traballos relacionados na mesma.

3.2.- Certificación num. 1 da obra de *Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra (expediente 2820)*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra (expediente 2820)* financiada con recursos procedentes do *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010*, por importe de trinta e cinco mil sesenta euros con seis céntimos (#35.060,06#), adxudicada definitivamente á empresa Promotora Matimán, S.L por Resolución da Alcaldía de data 25/03/2010, sendo o director da obra o arquitecto don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. OCV.004 da empresa adxudicataria polos traballos relacionados na mesma

3.3.- Certificación num. 2 da obra de *Reforma e ampliación do Centro da Terceira Idade*

Dáse conta da certificación num. 2 da obra de *Reforma e ampliación do Centro da Terceira Idade*, financiada integramente pola Deputación Provincial segundo convenio asinado, por importe de vinte e sete mil seiscientos setenta euros con vinte céntimos (#27.670,20#), adxudicada definitivamente con data 22/12/2009 á empresa Promotora Matimán, S.L, sendo o director da mesma o arquitecto don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. OCV.003 da empresa adxudicataria polos traballos relacionados na mesma

3.4.- Certificación num. 1 da obra de *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)*, incluída no Plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais (PAC-2), por importe de vinte e seis mil douscentos dezaseis euros con cinco céntimos (#26.216,05#), adxudicada definitivamente á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 10/11/2009, sendo o director da mesma o arquitecto don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. EO0087/10 polos traballos relacionados na mesma

3.5.- Certificación num. 2 e final da obra *Ampliación de saneamento en Paradelá (código 09.3300.0091.0)*



Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)*, incluída no Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, anualidade 2009, por importe de corenta e seis mil cento oitenta e un euros con corenta céntimos (#46.181,40#), adxudicada definitivamente á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L con data 16/06/2009, sendo o director da mesma o arquitecto don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. EO0075/10 da empresa adxudicataria polos traballos relacionados na mesma

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación de obras do POS 2010

4.1.- *Acondicionamento de viais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (código 10.2100.0240.0)*

Orzamento base de licitación: 97.370,34 euros

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas Obras y Viales de Galicia, S.L; Espina y Delfín, S.L e Aixma, Obras y Servicios, S.L para a adxudicación da obra de *Acondicionamento de viais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (código 10.2100.0240.0)*, por rpo-cedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación das obras comprendidas en plans provinciais aprobadas pola Deputación con data 25/04/2008 (BOP num. 98/08, do 29 de abril)

Dáse conta asimesmo que durante o prazo de presentación de proposicións presentaron oferta económica as tres empresas.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- En función e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de *Acondicionamento de viais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (código 10.2100.0240.0)*, á proposta num. 1 de Obras y Viales de Galicia, S.L ó ser a empresa que obtivo á maior puntuación no proceso de valoración das referencias técnicas e oferta económica (29,02 puntos) no prezo de oitenta e tres mil novecentos trinta e nove euros con noventa e cinco céntimos (#83.939,95#) máis trece mil catrocentos trinta euros con trinta e nove céntimos (#13.430,39#) de IVE, que representa unha baixa de cero (#0,00#) euros sobre do tipo.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

Terceiro.- Notificar e requirir a Obras y Viales de Galicia, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva.

Cuarto.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

Quinto.- Designar como técnico - director da obra a don Fernando Faya Martínez.



4.2.- *Mellora e acondicionamento de vias municipais en Matelo, A Gándara, Socastro, Galegos, Angustín e Outeiro (código 10.2100.0241.0)*

Orzamento base de licitación: 84.813,06 euros

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas Obras y Viales de Galicia, S.L; Espina y Delfín, S.L e Aixma, Obras y Servicios, S.L para a adxudicación da obra de *Mellora e acondicionamento de vias municipais en Matelo, A Gándara, Socastro, galegos, Angustín e Outeiro (código 10.2100.0241.0)*, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexeñen a contratación das obras comprendidas en plans provinciais aprobadas pola Deputación con data 25/04/2008 (BOP num. 98/08, do 29 de abril)

Dáse conta asimesmo que durante o prazo de presentación de proposicións presentaron oferta económica as tres empresas.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- En función e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de *Mellora e acondicionamento de vias municipais en Matelo, A Gándara, Socastro, Angustín e Outeiro (Código 10.2100.0241.0)*, á proposta num. 1 de Obras y Viales de Galicia, S.L ó ser a empresa que obtivo á maior puntuación no proceso de valoración das referencias técnicas e oferta económica (29,02 puntos) no prezo de setenta e tre mil cento catorce euros con setenta e un céntimos (#73.114,71#) máis once mil seiscentos noventa e oito euros con trinta e cinco céntimos (#11.698,35#) de IVE, que representa unha baixa de cero (#0,00#) euros sobre do tipo.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

Terceiro.- Notificar e requirir a Obras y Viales de Galicia, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva.


Cuarto.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

Quinto.- Designar como técnico - director da obra a don Fernando Faya Martínez.

4.3.- *Ampliación da rede de alumeado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)*

Orzamento base de licitación: 72.407,49 euros

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas José María Lorenzo Domínguez; Electricidad Cruceiro, S.L e Electricidad Luís Quintas Franco para a adxudicación da obra de *Ampliación da rede de alumeado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)*, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexeñen a contratación das obras comprendidas en plans provinciais aprobadas pola Deputación con data 25/04/2008 (BOP num. 98/08, do 29 de abril)



Dáse conta asimesmo que durante o prazo de presentación de proposicións presentaron oferta económica as tres empresas.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- En función e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de *Ampliación da rede de alumeado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)*, á proposta num. 2 de Electricidad Cruceiro, S.L ó ser a empresa que obtivo á maior puntuación no proceso de valoración das referencias técnicas e oferta económica (14,962 puntos) no prezo de sesenta e dous mil trescentos euros (#62.300,00#) máis nove mil novecentos sesenta e oito euros (#9.968,00#) de IVE, que representa unha baixa de cento trinta e nove euros con corenta e nove céntimos (#139,49#) sobre do tipo.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

Terceiro.- Notificar e requirir a Electricidad Cruceiro, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva.

Cuarto.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

Quinto.- Designar como técnico - director da obra a don Fernando Faya Martínez.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de abril do ano que andamos, pola que se acorda solicitar unha subvención ó abeiro da Orde do 17 de marzo de 2010 , pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2010 (DOG num. 25/10, do 25 de marzo)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de abril do ano que andamos, pola que en función dos acordos adoptados entre os representantes dos traballadores e o concello, acórdase indemnizar ó persoal laboral con atrasos de antigüidade dun ano dende setembro 2008-setembro 2009, e asimesmo indemnizar ó persoal do servizo de deportes dona Graciela Gestoso Vázquez e dona Miriam Fernández Neira pola atención prestada na piscina municipal durante os períodos de baixa, permiso ou vacacións do persoal restante do servizo coa cantidade de mil euros a cada unha, quedando pendente de compensación o resto dos servizos prestados fóra do horario normal de traballo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de abril do ano que andamos, pola que se acorda aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de



Ampliación da rede de saneamento en O Matelo e A Torre, financiada con recursos procedentes do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de subvención para equipamento deportivo

Dáse conta da Resolución do 20 de abril de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos e polo que se convocan as correspondentes ó ano 2010 (DOG num. 77/10, do 26 de abril).

Ó abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ó efecto

6.2.- Solicitud de subvención para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos

Dáse conta da Resolución do 20 de abril de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ó ano 2010 (DOG num. 77/10, do 26 de abril).

Ó abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ó efecto

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e quince minutos

